

ESTE CUERPO MÍO

Afioco Gnecco / Carolina Yuste, 2025

1796

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2026 | V.O. | +12 | 86 min

Unidos por unha amizade inquebrantable, Rafael e Carolina lánzanse a unha viaxe emocional e xeográfica en busca da reconciliación e aceptación. Ao longo do camiño, acompañamos a Rafael nos primeiros anos da súa transición de xénero: un proceso íntimo, cheo de retos, descubrimentos e pequenas vitorias que o achegan a ese metro cadrado de paz que tanto ansía. Unha historia onde a amizade se converte en refuxio e o persoal se expande até virar universal.

O pase do sábado 18 de xullo contará coa presenza de Afioco Gnecco.

«Unha invitación a celebrar a vida da man de dous personaxes adorables cunha emotividade crecente»

Jordi Batlle Caminal, LA VANGUARDIA



Entrevista con Afioco Gnecco: «A realidade dunha persoa trans segue estando moi condicionada por factores económicos»

Por Nerea FerGom

Durante anos existiu unha gran falta de educación e información sobre as realidades trans. Cres que a sociedade segue chegando tarde neste aspecto? Creo que existe máis coñecemento que hai uns anos, pero aínda queda moitísimo camiño por percorrer. Moitas veces a educación sexual e afectiva segue atopando obstáculos para chegar ás aulas e iso xera descoñecemento. O que si percibín é que as xeracións máis novas teñen acceso a información que antes era impensable. Tamén é certo que a realidade dunha persoa trans segue estando moi condicionada por factores económicos. Ter acceso a acompañamento psicolóxico, endócrinos ou tratamentos axeitados marca unha diferenza enorme. A falta de recursos segue sendo unha barreira moi importante.

A curtametraxe foi un éxito inesperado. Imaxinabádesvos a repercusión que ía ter? Para nada. Cando fixemos a curta xa sabíamos que queríamos chegar á longa, pero nunca imaxinamos o impacto que tería. Concibímolos case como unha proba, unha forma de entender como funcionaría o proxecto e como me sentiría eu diante da cámara. O que máis me sorprendeu foi a cantidade de mensaxes de persoas trans, familias e mozas que se viron reflectidos na historia. É algo precioso, pero tamén xera unha responsabilidade enorme.

Moitas persoas convertéronse nunha referencia. Como xestionas esa exposición? Con moito agarimo, pero tamén con límites. É marabilloso que alguén atope apoio ou identificación no teu traballo, pero eu non podo vivir a transición doutras persoas. Intento recomendar profesionais, recursos e acompañamento psicolóxico cando podo, pero tamén tiven que aprender a protexerme. Hai momentos nos que as redes sociais poden resultar esgotadoras.

Cres que a industria audiovisual necesita máis historias como *Este cuerpo mío*? Sen dúbida. Durante décadas vimos as mesmas historias contadas desde as mesmas perspectivas. Agora empezan a aparecer relatos diversos, pero aínda son moi poucos. Ás veces parece que tres películas sobre persoas trans son moitas, pero falamos de máis de cen anos de historia do cinema. O que está a ocorrer agora é simplemente que empezan a existir espazos que antes estaban pechados.

A película fala de identidade, pero tamén de amizade. Era importante afastarse do relato exclusivamente centrado na transición? Moitísimo. A película ten un personaxe trans, si, pero fala sobre todo do amor cara a un mesmo, da amizade e das persoas que te sosteñen cando todo se vén abaixo. Creo que o cinema falou moito do amor romántico e moi pouco da amizade, cando para moitas persoas é precisamente a amizade a que salva e acompaña nos momentos máis difíciles.

Carolina Yuste ten unha presenza fundamental no proxecto. Que supuxo para ti traballar xunto a ela? Carolina foi unha persoa fundamental na miña vida e tamén neste proceso creativo. Sempre digo que é un auténtico talismán. Máis aló do éxito profesional, hai unha amizade profunda detrás desta película. Construímos algo xuntos desde a confianza, o respecto e o coidado mutuo.